

# Curso de presentacións eficientes para a normalización lingüística



## Obxectivos xerais

- ✓ Mellorar a comunicación relacionada coa normalización lingüística a través da utilización de presentacións de xeito eficiente
- ✓ Utilizar as presentacións con modelos adecuados, modernos e eficientes para transmitir mellor as mensaxes
- ✓ Estimular o uso eficiente das novas tecnoloxías e os novos formatos de comunicación no proceso de normalización da lingua galega

## Este curso **non é**

- ✓ *un curso nin de informática nin de powerpoint*
- ✓ *un curso teórico sen experimentación*

## Contidos

- ✓ Os programas informáticos: contorno de traballo, modelos e compatibilidades
- ✓ A planificación: estrutura, axudas visuais, cores, fotos, táboas...
- ✓ A comunicación con apoio gráfico: facerse co escenario, posta en escena, conectar coa audiencia, evitar a monotonía..., funciona todo?

## Profesorado

- ✓ Ana Otero
- ✓ Manuel Bermúdez
- ✓ Sandra Vázquez

## Datas e horarios

1.<sup>a</sup> edición: **outubro** de 2010

Día	Hora	Lugar
Martes 5	16.30 h a 20.30 h	Tesdaí
Venres 8	10.00 h a 14.00 h e 16.30 h a 20.30 h	Filoloxía
Sábado 9	10.00 h a 14.00 h	Tesdaí
Venres 15	16.00 h a 21.00 h	Filoloxía

2.<sup>a</sup> edición: **novembro** de 2010

Día	Hora	Lugar
Martes 2	16.30 h a 20.30 h	Tesdaí
Venres 5	10.00 h a 14.00 h e 16.30 h a 20.30 h	Filoloxía
Venres 12	16.30 h a 20.30 h	Tesdaí
Pendente	5 horas	

## Duración

- ✓ 30 horas (21 horas presenciais e 9 de traballo non presencial)

## Lugar

- ✓ Santiago de Compostela  
-Facultade de Filoloxía. Avda. de Castelao s/n  
-Centro de Formación Tesdai. Rúa de Rosalía de Castro 42 A, baixo

## ORGANIZA



**Ctnl**

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua

## COLABORAN



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

## Persoas destinatarias

- ✓ Traballadores/as de servizos de normalización lingüística (SNL)
- ✓ Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua
- ✓ Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua

## Procedemento, calendario de inscrición e límite de prazas

- ✓ Inscrición: a través do formulario habilitado para o efecto no web [www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)
- ✓ Límite de prazas: 20

Dado que o número de prazas está limitado a 20, terán preferencia, en primeiro lugar, os/as socios/as da CTNL e, a continuación, os/as técnicos/as de entidades que formen parte da Rede de Dinamización Lingüística. Despois disto, respectarase a orde de inscrición.

Non se pode pagar a cota de inscrición até que non se publique a listaxe de persoas admitidas.

As persoas incluídas nesa listaxe de admitidas deben ingresar o importe da matrícula na conta da CTNL número 2091-0377-74-3040004060, indicando o seu nome completo e mais o concepto "Curso presentación".

Se unha persoa está na listaxe de admitidas e non vai participar no curso, **debe comunicalo** por teléfono ou correo electrónico o máis axiña posíbel, para así poder incorporar, con suficiente antelación, a seguinte persoa da listaxe de agarda.

## Calendario de inscrición para a 1.ª edición

- ✓ Prazo de **solicitud** de participación no curso: desde o 27/9/2010 ás 10.00 h até o 29/9/2010 ás 24.00 h
- ✓ Publicación da **listaxe** de persoas admitidas: 30/9/2010 ao longo da mañá
- ✓ Prazo para facer o **ingreso** de matrícula: 4/10/2010
- ✓ Datas do **curso**: 5, 8, 9 e 15 de outubro de 2010

## Calendario de inscrición para a 2.ª edición

- ✓ Prazo de **solicitud** de participación no curso: desde o 11/10/2010 ás 10.00 h até o 15/10/2010 ás 24.00 h
- ✓ Publicación da **listaxe** de persoas admitidas: 18/10/2010 ao longo da mañá
- ✓ Prazo para facer o **ingreso** de matrícula: 25/10/2010
- ✓ Datas do **curso**: 2, 5 e 12 de novembro de 2010 (+outra data por determinar)

## Cota de inscrición

- ✓ Socias/os da CTNL: 30 euros
- ✓ Estudantes, bolseiras/os e desempregadas/os (non socias/os): 40 euros
- ✓ Non socias/os da CTNL: 100 euros

## Certificado de asistencia

- ✓ Para obter o certificado de asistencia hai que participar en, cando menos, o 80% das horas totais do curso

**+info**

Entra en [www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)

Escribe a [info@ctnl.org](mailto:info@ctnl.org)

Chama ao 629 571 950

ORGANIZA



**Ctnl**

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua

COLABORAN



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística